

ANEXO A

CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO RST/002/08

A Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. en diante SEAGA, seleccionará e cursará invitación entre aquelas empresas que, tendo presentado solicitude de participación, cumpran os requisitos esixidos.

Só poderán presentar proposicións aquelas empresas seleccionadas por SEAGA, previa solicitude de participación das mesmas, para o cal haberá unha fase previa de presentación de solicitudes de participación unha vez publicado no web de SEAGA e na Plataforma de Contratación Autónoma, o anuncio de licitación.

De entre as empresas solicitantes cursarase invitación entre un mínimo de cinco empresas e un máximo de dez (segundo o art.72 da Instrución Reguladora dos Procedementos para a Contratación).

Cando dúas ou máis empresas acudan conxuntamente á licitación, deberán constituir unha agrupación temporal, cuxo efecto bastará que no escrito de solicitude de participación se indiquen os nomes e características dos empresarios que as suscriben, a participación de cada un deles e que se designe a persoa ou entidade que durante a vixencia do contrato ostentará a plena representación de todos eles fronte a SEAGA. Ditos empresarios quedarán obrigados solidariamente ante a entidade contratante ao cumprimento do contrato ata a súa extinción. No suposto de agrupacións de empresas, cada unha das mesmas, deberá acreditar a súa personalidade e capacidade. Entenderase que unha agrupación de empresas cumpre cos requisitos técnicos de pre-selección establecidos si cada unha das condicións estipuladas son cumpridas por algunha delas.

1. Presentación de solicitudes de participación. Documentación xeral:

As solicitudes de participación presentaranse en calquera das dúas linguas oficiais e constarán, ademais do correspondente **ESCRITO DE SOLICITUDE**, dun sobre cerrado e firmado polos licitadores ou representante, e nel incluíranse os seguintes documentos:

Sobre Nº 1.- Solicitude de participación. Documentación xeral.

A continuación consignarase:

- Título do obxecto da licitación
- Nome ou razón social do licitador

Contido: Os documentos a presentar serán os seguintes:

Acreditación da personalidade xurídica e da capacidade de obrar

- Documento acreditativo da personalidade e capacidade do contratista, que será o DNI se se trata de persoa física, ou, se a empresa é persoa xurídica, a escritura de constitución ou de modificación da mesma, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial . (Artigo 61 da LCSP).
- Cando varias empresas acudan á licitación constituíndo unha Unión de Empresarios, cada un dos empresarios acreditará a súa personalidade e capacidade, debendo indicar os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban e a participación de cada un deles. Así mesmo, deberán designar a persoa ou entidade que durante a vixencia do contrato ostentará a plena representación de todos fronte á Empresa Pública SEAGA, sendo aplicable o artigo 48 da LCSP.
- Os empresarios non españois de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos Rexistros e presentación das certificacións que se indican no artigo 61 da LCSP.
- As empresas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española, que se acompañará á documentación que se presente, que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 da LCSP, en forma análoga.
- Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate dunha persoa xurídica deberá acompañar un poder declarado bastante pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e igualmente documento nacional de identidade ou documento que o reemprace, da persoa que asine a proposición.
- Deberá presentarse a declaración responsable de que o licitador non está incurso nalgunha das prohibicións para contratar coa Administración conforme ó establecido nos artigos 43 ao 62 e da Lei de contratos do Sector Público.

Solvencia económica e financeira

- Declaracións apropiadas de entidadees financeiras ou, de ser o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- As contas anuais presentadas no Rexistro mercantil ou no rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais

poderán presentar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

- Declaración sobre o volume global de negocios e, de ser o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido, como máximo, aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do dito volume de negocios.
- Declaración responsable de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social incluíndo que se atopa en alta e ao corrente no pago do IAE, así como a non existencia de débedas tributarias ou doutro tipo coa Comunidade Autónoma de Galicia. Todo elo sen prexuízo da obrigaón de presentar os certificados correspondentes, no prazo de tres días hábiles dende a notificación da adxudicación provisional.

Solvencia técnica nos contratos de obras

- Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisaráse se se realizaron segundo as regras polas cales se rexe a profesión e se se levaron normalmente a bo termo; de ser o caso, tales certificados seranlle comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.
- Declaración en que se indiquen os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, de que esta dispoña para a execución das obras, especialmente os responsables do control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.
- O persoal asociado á obra preferiblemente terá unha experiencia mínima de cinco anos en obras de características similares e deberase aportar o seu curriculum vitae.
- Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras, adxuntando o respectivo curriculum vitae.
- Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os cinco últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.
- Declaración en que se indique a maquinaria, material e equipamento técnico de que se disporá para a execución das obras, á cal se lle xuntará a documentación acreditativa pertinente.

2. Apertura de solicitudes de participación e exame da documentación

Unha vez finalizado o prazo de presentación das solicitudes de participación, a Mesa de

Contratación procederá, en acto non público, ao exame e calificación previa da Documentación Xeral aportada no sobre Nº 1 e a súa adaptación aos requisitos esixidos no presente prego, rechazando aquelas ofertas que non se axusten ao establecido no mesmo e concedendo un prazo de tres (3) días para solventar aqueles erros que considere subsanables.

Examinada a documentación a mesa de contratación calificará as empresas presentadas como APTAS ou REXEITABLES. As empresas calificadas como aptas serán as únicas que poderán ser invitadas por SEAGA a presentar proposición.

3. Selección de empresas licitadoras.

A mesa de contratación unha vez comprobada a personalidade e a acreditación dos requisitos previos dos solicitantes, procederá a invitar, de entre as solicitudes declaradas aptas, aquelas que acrediten unha maior solvencia técnica, económica e financeira, en número non inferior a cinco nin superior a dez. As invitacións a efectos de presentación das proposicións, de acordo cos criterios establecidos, realizaránse simultaneamente e por escrito. No escrito de invitación de presentación de proposicións indícarase o lugar de presentación das mesmas así como o día e hora límite para a súa presentación. Sinalaranse, así mesmo o lugar, día e hora do acto público de apertura de oferta económica.

4. Fase de licitación.

Segundo o indicado no prego de condicións do concurso.

En Santiago de Compostela a 29 de agosto de 2008

Asdo.: Xan-Bautista Cambón Rodríguez

Director-Xerente de SEAGA